


REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA

MEMORIA EAPN GALICIA 2021

www.pobreza.gal



PRESENTACIÓN	2
INFORME E SEMINARIO VIVENDA EN GALICIA 2021.....	4
COMISIÓN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DO PARLAMENTO DE GALICIA	4
UNIDAS PARA A DEFENSA DOS DEREITOS.....	5
PARTICIPACIÓN COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL	6
CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN: #EMERXENCIAVIVENDA, #POBREZAGALICIA E #EXCLUSIÓNFINANCEIRA	7
CAMPAÑA X SOLIDARIA IRPF 2021 #EMERXENCIASOLIDARIA #106	8
SEMINARIO. DISCURSO ALTERNATIVO CONTRA ODIO E APOROFOBIA	8
EXCLUSIÓN FINANCEIRA. INCIDENCIA E INVESTIGACIÓN	9
DÍA DE ERRADICACIÓN DA POBREZA. INFORME O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA 2021	10
AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2021	10
BOLETÍN “EN REDE SOCIAL”	11
INFORMACIÓN COVID.....	11
MÁIS REDE. INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN	13

PRESENTACIÓN

A Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN Galicia) é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 128 ONG de primeiro nivel **a través dos seus 31 socios directos¹**, todas elas entidades representativas de colectivos vulnerables, que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

Accem Galicia | Acción Contra a Fame | Arela | Asamblea Cooperación pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Ecos do Sur | Emaús Fundación Social | Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) | Federación Autismo Galicia | Federación Down Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Ronsel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes) | Médicos do Mundo | Provivenda | Saúde Mental FEAFES Galicia | Radio ECCA

¹ <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

EAPN-Galicia está integrada nas redes EAPN (European Anti Poverty Network) tanto a nivel europeo en EAPN Europa, coalición independente de organizacións dende 1990, como na rede estatal EAPN España xunto ás redes autonómicas de todo o estado e cidades autónomas.

Misión

"EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, dende un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva"

EAPN Galicia é a única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Os obxectivos² e actuacións de EAPN Galicia son aqueles que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial: Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do terceiro sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.

² <http://eapn-galicia.com/quen-somos/obxetivos/>

INFORME E SEMINARIO VIVENDA EN GALICIA 2021

Neste 2021 a EAPN Galicia organizou a Xornada técnica: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia³ ca que brindar un espazo de reflexión e diálogo entre profesionais das Administracións Públicas, entidades do Terceiro Sector e outros axentes sociais que traballan para favorecer a inclusión das persoas vulneradas.

Realizouse un achegamento e mellora das propostas para loitar contra a exclusión residencial, a través de grupos de traballo divididos por temáticas segundo os apartados do 'Informe de posicionamento sobre vivenda digna, axeitada e accesible', elaborado por EAPN Galicia (Anexo I) Dito Informe pretende servir de análise da situación da vivenda en Galicia e España, e dalgunhas das casuísticas máis agravantes, así como da acción pública e medidas postas en marcha neste eido, para rematar coas propostas que dende EAPN Galicia e as súas entidades membro se consideran clave para evitar que a falta de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, se faga aínda máis crónica.



Outras das actividades realizadas no eido da vivenda, derivada da publicación do Pacto pola Vivenda de Galicia 2021-2025 foi o seu análise e o deseño dunha ferramenta de seguimento da súa implantación.

COMISIÓN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

O pasado 2020 EAPN Galicia participou na Comisión de Reactivación Económica, Social e Cultural⁴ para trasladar aos partidos políticos as demandas para combater a pobreza e a exclusión social que desde as 130 organizacións sociais membro da Rede se levan reclamando.

³ <http://eapn-galicia.com/es/d%C3%ADa-que-garantiza-el-derecho-a-una-vivienda-digna-adecuada-y-asequible-30-de-septiembre/>

⁴ <http://eapn-galicia.com/es/la-fuerza-del-tercer-sector-gallego-imprescindible-y-unido-frente-a-la-crisis-social-y-sanitaria/>

O obxectivo desta Comisión é o de estudar, analizar e realizar propostas de actuación política con base na experiencia da xestión para a reactivación, coa finalidade de protexer á cidadanía fronte á crise e promover o progreso da comunidade.

Este 2021 tras saír publicado o seu Ditame realizouse un documento resumo das medidas que foron aprobadas, das cales foron destacadas entre outras as seguintes: Lei do Terceiro Sector de forma unánime, blindaxe da RISGA e complemento IMV, tarxeta básica, atención temperá, saúde mental, sociosanitario, accesibilidade, concerto social, fenda dixital, violencia machista, apoio entidades *“procurando optimizalo, reordenándoo e racionalizándoo, coa finalidade de evitar duplicidades”*.

UNIDAS PARA A DEFENSA DOS DEREITOS

No 2021, o **Grupo de Inclusión** de EAPN-Galicia, centrouse no seguimento e análise da implantación do **Ingreso Mínimo Vital (IMV)**, coa visión na modificación da **Lei de Inclusión de Galicia**, así como da prestación da Tarxeta Básica, posta en marcha no 2020.

Froito deste seguimento tratáronse cuestións como o complemento no IMV de ata 100 euros por fillo a cargo menor de tres anos, para familias de renda baixa; a concesión ás persoas migrantes en situación irregular, e á normativa relativa ás entidades sociais como mediadoras sociais no IMV. O traballo deste grupo continuou na liña dunha interlocución coa Dirección Xeral de Inclusión Social e realizouse unha **actualización do documento de demandas** propostas ante a modernización da Lei 10/13 Inclusión Social Galicia.

No eido do **Emprego**, froito da labor de incidencia política realizada polo **Grupo de Emprego** o pasado 2020, saíu publicada a convocatoria bianual **‘Posta a punto para o emprego’** da Consellería de Economía, Emprego e Industria. No 2021 avanzouse na incidencia política tendo como base esta convocatoria pero mellorando as eivas e dificultades da mesma para facilitar á inclusión sociolaboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social. A final de 2021 chegouse a un acordo coa Consellería de Emprego e Igualdade para desenvolver un programa piloto de inclusión sociolaboral de 384 persoas a desenvolver nos anos 2022 e 2023.

Ao igual que outros anos, neste 2021 realizáronse **propostas de mellora para a Convocatoria Cooperación 2021**.

PARTICIPACIÓN COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

O 6 de outubro celebrouse o XII Encontro de Participación para o Desenvolvemento de Propostas e Cambio Social, baixo o lema ‘Os dereitos básicos non son unha lotería’⁵, organizado polo Grupo de Participación de EAPN Galicia.



O encontro centrouse en torno a tres temáticas que están a agravar o empobrecemento da poboación galega: fenda dixital, exclusión bancaria ou financeira e acceso a vivenda, e tivo como obxectivo xerar un espazo no que se traballase de cara ao empoderamento e participación real e efectiva das persoas na sociedade na que viven.

Este ano foi posible volver ao plano presencial limitado nesta ocasión a un máximo de 65 persoas para asegurar o cumprimento da normativa sanitaria. Durante toda a xornada, as persoas asistentes traballaron en grupos reducidos o xeito en que estas cuestións afectan na vida diaria e, sobre todo, cales son as propostas para que estes dereitos sexan garantidos. Dende EAPN Galicia, elaborouse un documento de propostas e conclusións que foi presentado co motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza no marco do acto celebrado coa Valedora do Pobo.


O Grupo de Participación traballou de xeito transversal en tódalas actuacións levadas a cabo pola rede, coa fin de fomentar a participación plena das persoas en risco de exclusión social nas entidades membro, na loita polo cumprimento dos seus dereitos. Así como na organización na participación efectiva no “IV Congreso Estatal de Participación” .

⁵ <http://eapn-galicia.com/os-dereitos-sociais-non-son-unha-loteria-as-persoas-en-pobreza-proponen-medidas-para-o-cambio-social/>

Neste ano, foi creado o Consello Galego de Participación co obxectivo de promover unha participación igualitaria das persoas en pobreza ou exclusión en EAPN Galicia así como servir de consello asesor que dote de contido as actividades e documentos, informes ou posicionamentos que poida elaborar a rede.

CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN: #EMERXENCIAVIVENDA, #POBREZAGALICIA E #EXCLUSIÓNFINANCEIRA.

Co obxectivo de chegar á poboación en xeral, o **Grupo de Comunicación** de EAPN-Galicia estivo a traballar en campañas de sensibilización que dean visibilidade ás causas da pobreza e da exclusión social. Durante este 2021, a maior parte das actividades do grupo estiveron enfocadas nas redes sociais. Desde o discurso común de tódalas entidades do Terceiro Sector membro, realizáronse as campañas **#EmerXenciaSolidaria**, **#EmerxenciaVivenda**, **#PobrezaGalicia** e **#ExclusiónFinanceira**. O grupo tamén organizou o **I Cumio galego contra o odio**



Neste 2021, debido á gravidade da situación en Galicia en relación á vivenda, as redes EAPN de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social en toda España e as súas máis de catro mil entidades membro lanzaron neste 2021 a Campaña

#EmergenciaVivienda que, coordinada dende Galicia, pretende chamar a atención sobre a emerxencia residencial e habitacional na que viven máis de 11 millóns de persoas en España. Unha problemática á que apenas se lle ten dado resposta nos últimos anos dende as administracións públicas. En Galicia tivo un éxito específico xa que se involucraron 49 entidades e as outras tres plataformas do terceiro sector galego.

No eido da exclusión financeira, EAPN denunciou nas redes sociais a inoportuna campaña publicitaria da entidade Abanca “*Aínda vés á oficina para todo? Se podes ver os netos desde a tablet, podes sacar cartos desde o caixeiro*” ca que se animaba as persoas maiores a se pasar á banca electrónica. Finalmente a campaña acabou sendo retirada.

De xeito máis continuado ao longo do ano, utilizouse o hashtag **#PobrezaGalicia** co obxectivo de visibilizar a loita contra a pobreza e a exclusión social no marco de accións concretas en días e actos de interese para rede. Como por exemplo a publicación do Informe “O Estado da Pobreza en Galicia 2021”.

No 2021 [creouse en LinkedIn a páxina de EAPN Galicia](#)⁶. Contando a final de ano con 1153 seguidoras

CAMPAÑA X SOLIDARIA IRPF 2021 #EMERXENCIASOLIDARIA #106

Un ano máis, as organizacións de acción social galegas visibilizaron a importancia de marcar a casiña de Fins Sociais na [Declaración da Renda coa Campaña X Solidaria 2021](#)⁷, no marco da campaña Estatal.

Baixo as etiquetas **#emerXenciaSOLIDARIA** e **#ConTuXAvanzamos**, as ONG galegas lanzaron a campaña nas redes sociais con vídeos de persoas beneficiarias de programas financiados co X Solidario.



O Terceiro Sector galego presentaba na Praza da Quintana a campaña do X Solidario que, coas medidas sanitarias pertinentes, reuniu a 20 persoas con globos nos que podían lerse “Emerxencia Solidaria” unha situación agravada coa pandemia. Ante a prevista diminución da recadación do imposto da renda derivada da crise económica, as entidades lanzaron un “chamamento de auxilio” durante a lectura dun manifesto. Presentacións semellantes tiveron lugar noutras poboacións galegas.

A campaña implicou facer tamén unha campaña específica, via correo electrónico e telefónico, con xestorías administrativas de toda Galicia, así como co Colexio de Graduadas e Graduados Sociais.

SEMINARIO. DISCURSO ALTERNATIVO CONTRA ODIO E APOROFOBIA

O 30 de xuño o **Grupo de Comunicación** de EAPN Galicia, en colaboración con Ecos do Sur, organizou O [I Cumio Galego contra o odio](#)⁸ para dar a coñecer e crear rede entre as múltiples e

⁶ <https://www.linkedin.com/company/eapn-galicia>

⁷ <http://eapn-galicia.com/es/Ante-la-emergencia-social,-las-entidades-gallegas,-m%C3%A1s-que-nunca,-han-pedido-el-apoyo-de-los-contribuyentes-en-la-declaraci%C3%B3n-de-renta/>

⁸ <http://eapn-galicia.com/es/Sobran-motivos-positivos-para-celebrar-la-cumbre-gallega-contra-el-odio/>

diversas iniciativas postas en marcha en Galicia para difundir o discurso alternativo e maioritario de defensa dos dereitos e a dignidade das persoas.



A través desta xornada identificáronse persoas e organizacións, con proxectos e iniciativas que se están a desenvolver en Galicia para seren difundidas tanto en redes sociais coa etiqueta #ContrAporofobia como nunha Guía de Estilo para comunicadoras sobre Aporofobia e Discurso do Odio.

A xornada contou con máis de 60 asistentes que puideron coñecer o funcionamento dalgunhas iniciativas galegas que loitan contra o odio e a discriminación dende o ámbito xudicial, educativo, comunitario, narrativo e do ciberactivismo, concluíndo que son necesarias políticas máis igualitarias e inclusivas e continuar traballando nun cambio a nivel narrativo que redunde nun cambio social.

EXCLUSIÓN FINANCEIRA. INCIDENCIA E INVESTIGACIÓN

Con respecto á **Exclusión Financeira**, o 2021 estivo marcado pola investigación do impacto das prácticas bancarias nas persoas en pobreza ou exclusión social trala preocupación polas múltiples denuncias de todo tipo de abusos pobreza e que culminaron coa elaboración do informe '[Inclusión financeira para el desarrollo sostenible, un enfoque de derechos en el proceso de reconstrucción post pandemia](https://www.eapn.es/publicaciones/453/inclusion-financiera-para-el-desarrollo-sostenible-un-enfoque-de-derechos-en-el-proceso-de-reconstruccion-post-pandemia)'⁹, a primeira investigación específica sobre as principais causas das dificultades financeiras atopadas polos fogares no contexto de crise social e económica derivada da pandemia, analizando a xestión dos recursos a situación de endebedamento das persoas, o acceso á banca e aos servizos bancarios, así como problemas como a perda de servizos nas zonas rurais.

Afondouse nas queixas relativas ao aumento indiscriminado de comisións bancarias ás persoas perceptoras de pensións, rendas mínimas ou todo tipo de prestacións sociais de escaso importe, o que implica de facto un incumprimento do Real Decreto 164/2019, polo que se establece un

⁹ <https://www.eapn.es/publicaciones/453/inclusion-financiera-para-el-desarrollo-sostenible-un-enfoque-de-derechos-en-el-proceso-de-reconstruccion-post-pandemia>

régime gratuito de contas de pago básicas en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade ou con risco de exclusión financeira.

Este estudo permite coñecer tamén a situación e dificultades financeiras dos fogares, a xestión dos recursos, o endebedamento, a fenda dixital no acceso á banca e os servizos bancarios, aspectos conflitivos relativos á xestión, ao exceso e contía das comisións e a falta de crédito, ademais de problemas como a perda de servizos nas zonas rurais.

DÍA DE ERRADICACIÓN DA POBREZA. INFORME O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA 2021

O 17 de outubro, [**Día Internacional para a Erradicación da Pobreza**](#)¹⁰, é unha das datas chave no calendario de actividades de EAPN Galicia. Este ano, as accións da rede foron encamiñadas á publicación dos novos datos de pobreza en Galicia, a través da presentación do informe anual ‘O Estado da pobreza en Galicia 2021’.

Para conmemorar este día, a **Valedora do Pobo** asinou un acordo coa **presidenta da Rede**, Eloíña Ingerto, para desenvolver iniciativas de colaboración e intercambiar información para loitar contra as desigualdades na comunidade. O seu principal obxectivo é facilitar información á Valedora das necesidades das entidades do terceiro sector para axudar ao encontro de solucións para as persoas máis desfavorecidas. para o Desenvolvemento de Propostas de Cambio Social, o evento do ano que dá sentido á actividade de EAPN Galicia.

AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2021

A principios do 2020 comezabamos o proceso para elaborar a nova Axenda Social Única de Galicia 2020-2023 impulsada polos tres piares do sistema galego de servizos sociais: Xunta, FEGAMP e o Terceiro Sector de Acción Social con enfoque de defensa de dereitos. Dito proceso quedou paralizado por mor da pandemia e neste 2021 retomouse a elaboración que culminou a final de ano coa [**presentación da Nova Axenda Social Única de Galicia**](#).¹¹

¹⁰ <http://eapn-galicia.com/es/la-pandemia-y-el-acceso-a-la-vivienda-agravan-la-pobreza-y-las-severas-privaciones-materiales-en-galicia/>

¹¹ <http://eapn-galicia.com/enfoque-de-dereitos-compromisos-medibles-e-coordinacion-entre-xunta-concellos-e-organizacions-do-terceiro-sector-claves-da-nova-axenda-social-de-galicia/>



Na Axenda se recollen múltiples demandas de EAPN Galicia. Dende a educación universal e de balde para nenos e nenas de 0 a 3 anos, a Tarxeta Básica ou inserción sociolaboral ata medidas de familias

monoparentais, saúde mental, loita contra burocracia, actualización da Lei de Inclusión, fenda dixital, exclusión bancaria, loita contra o chabolismo e a infravivenda, violencia de xénero ou recoñecemento explícito das entidades do Terceiro Sector Social.

Entre os retos de mellora e está sobre todo asegurar que dende Xunta e concellos se afronta a emerxencia de falla de vivenda digna, axeitada e accesible. Neste intre o principal factor de empobrecemento da cidadanía galega.

O traballo baseouse na actualización e adaptación á nova realidade das propostas e demandas feitas pola rede e complementándoas coas que xa se realizaran durante o Estado de Alarma.

BOLETÍN “EN REDE SOCIAL”

O boletín informativo quincenal EnRedeSocial, que xa leva implementado desde o 2018, seguiu este 2021 con información de interese no eido da acción social e defensa de dereitos, así como das actividades desenvolvidas desde as ONG de acción social e de cooperación.

De xeito extraordinario, por mor da celebración do I Cumio Galego contra o Odio foi enviado un Boletín extra no que se recollía a información sobre iniciativas e boas prácticas que loitan contra o discurso do odio en Galicia. Ao remate do 2021, se editaron 26 números. Co interese e utilidade que suscita EnRedeSocial, as persoas subscritoras aumentaron ata máis de 1100.

A subscrición pode realizarse de xeito sinxelo en: [Subscrición Boletín EnRedeSocial](#).¹²

ACTUACIÓNS E INFORMACIÓN COVID

Actualización web EAPN. Adaptación a redes sociais, contidos covid.

Para mellorar o acceso á información dispoñible na páxina web de EAPN Galicia, procedeuse a realizar unha actualización, tanto no seu contido como na súa imaxe. Realizouse unha

¹² <https://acumbamail.com/newform/web/MLi7E5KXfydytgYCi3jHu9dw0WdlfVfFoeDeL11eaKrjO3wW/8532/>

simplificación da páxina principal, para facer máis sinxela a súa navegación, así como un plan de reestruturación máis profundo da mesma, que se levará a cabo no vindeiro 2022.

COVID: impacto dixital nas persoas en pobreza. Análise e propostas.

Durante esta etapa e tras o período de confinamento provocado pola crise sanitaria da COVID-19, a gran maioría das actividades das entidades e administracións fóronse reformulando para realizarse en espazos dixitais (videoconferencias, webinars, formación en liña...).

Deste xeito, no ano 2021 continuouse facendo seguimento das medidas postas en marcha para paliar os efectos sociais da crise sanitaria, con especial fincapé na rápida dixitalización dos espazos nos que teñen presenza as persoas en situación de pobreza e exclusión social. No XII Encontro Galego de Participación e no IV Congreso Estatal tratouse este tema do cal xurdiron unha serie de propostas das cales se poden destacar as seguintes:

- Crear centros con horarios amplos en cidades e medio rural onde se poida acceder a recursos tecnolóxicos (ordenador, impresora...) de forma gratuíta e con acompañamento de profesionais.
- Acceso a Internet regulado como dereito universal básico. Sanción de prácticas abusivas e tarifas especiais para situacións concretas. Seguridade dixital. Linguaxe comprensible, idioma e accesibilidade.
- Convivencia entre trámites dixitais e presenciais.
- Mellora de infraestruturas de redes e coberturas.


COVID. Adaptación telemática e comunicación (Zoom, Seminario sobre teletraballo, almacenamento nube Google o One Drive, etc).

Co obxectivo de coñecer [como afecta a normativa do teletraballo ás entidades do Terceiro Sector](http://eapn-galicia.com/obradoiro-como-afecta-a-normativa-do-teletraballo-as-entidades-do-terceiro-sector/) e as súas implicacións, ¹³EAPN Galicia, en coordinación coa Fundación Esplai Cidadanía Comprometida, organizaron o 21 de maio unha xornada na que se abordou a explicación do marco xurídico e dos aspectos que se deben ter en conta dende as organizacións sociais.

¹³ <http://eapn-galicia.com/obradoiro-como-afecta-a-normativa-do-teletraballo-as-entidades-do-terceiro-sector/>

Durante a xornada, levouse a cabo unha abordaxe sobre as principais problemáticas que se presentan á hora de implementar o teletraballo nas entidades, pero tamén das oportunidades que este pode supoñer.

Como parte das accións de dixitalización da entidade e mellora da



comunicación interna se mantiveron as ferramentas de comunicación coas que xa contaba (Zoom e base de datos compartida para os grupos de traballo a través de Google Drive) e implementouse o servizo Microsoft 365 para empresas, gratuíto a través dun sistema de cesión a ONG sen ánimo de lucro o que implicou novas contas de correo electrónico e ferramentas de xestión integradas que melloren a eficiencia da Rede.

COVID. Reparto máscaras a 72.080 persoas en pobreza ou exclusión.



En coordinación con EAPN España repartíronse no 2021 a través de 37 entidades 361.500 máscaras¹⁴ que foron cedidas polo Ministerio de Sanidade a través da Delegación do Goberno para persoas en situación de vulnerabilidade, e que se suman ás repartidas no 2020. 72.080 persoas

recibiron máscaras nos tres repartos realizados.

MÁIS REDE, INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN

Grupo de Traballo Fondos Estruturais (FFEE) e Next Generation.

O traballo deste grupo continuou no 2021 a súa liña de realizar un seguimento e analizar a documentación e compromisos dos Comités de Seguimento nos que EAPN está presente: o Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020 e do FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-

¹⁴ <http://eapn-galicia.com/as-organizacions-de-accion-social-membro-de-eapn-galicia-reparten-324-000-mascaras-entre-persoas-en-pobreza-ou-exclusion/>

2020. Deste xeito, participouse nas reunións de seguimento e aportacións de cara ao novo período de financiamento comunitario (2021-2027), ampliando a presenza de EAPN ao seguimento do FEDER.

O traballo tamén estivo enfocado na Convocatoria de Manifestación de Interese de Proxectos Autonómicos para o sector de servizos sociais de Galicia, a cargo dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dirixida a “identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia”.

Deste xeito, levouse a cabo unha xuntanza o 21 de maio cos directores xerais de Inclusión Social; Familia, Infancia e Dinamización Demográfica; e Maiores e Persoas con Discapacidade para prantexar as dúbidas das entidades membro sobre os criterios de acceso do Terceiro Sector Social aos fondos Next Generation e ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o proceso de selección e execución e o aseguramento da non discriminación coas empresas lucrativas.

Por outra banda, o 5 de febreiro e o 30 de abril mantivéronse reunións informativas sobre os Fondos Next Generation ca Consellería de Facenda e Administración Pública e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Asesoría xurídica EAPN Galicia.

Ao longo do 2021 foise traballando sobre diferentes cuestións nas que se levaron a cabo accións de incidencia sobre normativa xurídica de aplicación.

A comezo do 2021 a EAPN Galicia púxose en contacto co Instituto Galego de consumo tras detectar a imposibilidade de realizar un trámite a través da súa páxina web. Máis concretamente á hora de cubrir os datos da persoa reclamante que informaba dun erro ao engadir o NIE expoñendo: “O documento do reclamante proporcionado non é válido”. Cuestión que foi resolta en poucos días.

Por outra banda tras participar o pasado 2020 na aprobación do informe do Decreto do Concerto Social este ano elaborouse un documento resumo do seu contido.

Outras das accións foi con respecto ao “Programa Cheques dixitalización COVID-19” do cal se realizou unha comparativa entre a convocatoria deste ano e a do 2020, a raíz de detectar que na convocatoria pasada producíase unha discriminación ás entidades non lucrativas, máxime

cando citaba como beneficiarias ás empresas membro da economía social, entre as que pola lei que as regula, se atopan tamén as entidades do Terceiro Sector Social

Grupo Ad Hoc Plan de Choque contra a Pobreza en Familias Monoparentais.

O obxectivo prioritario das aportacións no eido de familias monoparentais é loitar contra a pobreza naquelas familias con nenas e nenos dada a especial gravidade da súa situación actual en Galicia e a nivel Estatal.

Neste 2021 iniciouse un proceso de consulta pública previa para a elaboración do decreto que regulará o primeiro Rexistro de Familias Monoparentais de Galicia. Tanto o Rexistro como sobre todo o Plan de Loita contra a pobreza en familias Monoparentais son compromisos que se conseguiu que figuraran na Lei de Impulso Demográfico. Deste xeito o traballo realizado por EAPN Galicia foi a realización dun documento de Emendas para a elaboración do Rexistro de Familias Monoparentais.

Plan RENOVE electrodomésticos. Informe e difusión sobre oportunidade persoas vulnerables.

O pasado 2020 EAPN Galicia, no marco do seu diálogo cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, fixo unha labor de incidencia de cara a articulación da medida. Así, publicouse no Diario Oficial de Galicia o 25 de maio, incluíndo orzamento non só para a renovación de electrodomésticos senón tamén para demótica.

Deste xeito, neste 2021 realizouse un análise da convocatoria no que se detectou que segundo os datos do INEGA o 40% das axudas foron a este tipo de perfiles. Outra das novas con respecto a esta convocatoria é que se engadiu como unha das actuacións a realizar dentro da Axenda Social Única de Galicia (Anexo III).

Estratexia soidade non desexada. Documento propostas.

Este 2021 A Xunta presentou aos concellos a Estratexia galega de atención á soidade non desexada. Unha obriga establecida na Lei de Impulso Demográfico.

O traballo realizado dende EAPN Galicia neste eido foi a recompilación de documentos que fan referencia á soidade non desexada e pobreza, así como a realización dun listado de propostas sobre o tema de xeito que se puidesen incorporar no borrador de estratexia galega actual, de cara a atención da soidade non desexada.

Unha segunda tarefa foi a análise do borrador da "Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada" para ver a relación entre soidade e pobreza, así como identificar as referencias feitas nas demandas da EAPN, de xeito que fose posible reiterar importancia ou ampliar ambición, ademais das novas medidas que se propuxeron incorporar.

Tras estas dúas actuacións realizouse un documento de Aportacións á Estratexia Galega de Atención á soidade non desexada (Anexo IV).

Documentación criterios éticos de intervención ONG.

A través dun grupo focal formado pola Xunta Directiva da EAPN Galicia, comezouse un proceso que culminará en 2022, a través do cal se pretende reforzar o compromiso ético das entidades membro da EAPN e a propia rede. Realizouse unha revisión bibliográfica coa finalidade de analizar a documentación relacionada e posteriormente, a través do traballo conxunto elaborar un documento base de criterios éticos de referencia para as entidades membro de EAPN Galicia.

Informe necesidades formativas entidades membro.

Neste 2021 analizáronse as necesidades formativas do persoal técnico, directivo e voluntario das entidades do Terceiro Sector de Acción Social que loitan contra a pobreza e a exclusión social. A través de toda a información obtida, EAPN Galicia dou comezo á elaboración do Informe "Necesidades formativas do voluntariado, persoal técnico e directivo do Terceiro Sector de Acción Social que loitan contra a Pobreza e a Exclusión Social en Galicia".

Dito informe, que será presentado no ano 2022 ten co obxectivo de proporcionar unha ferramenta que permita ás entidades da EAPN, así como ao persoal laboral e voluntario que as compoñen, mellorar a xestión das súas necesidades formativas (Anexo XIV).

Participación en eventos contra pobreza, prexuízos e aporofobia.

Coa idea de transmitir a importancia de loita contra a pobreza e a exclusión social, os prexuízos e a aporofobia a EAPN Galicia realizou charlas informativas en diferentes universidades e centros educativos.

Nas respectivas charlas tratábanse temas coma a aporofobia, a inclusión sociolaboral, o xeito de comunicar sen discriminar, o AROPE e as saídas profesionais nas entidades do Terceiro Sector galegas, as habilidades que se buscan e as recomendacións que lles fan as persoas en pobreza ou exclusión.

Deste xeito, ao longo do 2021 a EAPN Galicia levou a cabo diferentes charlas na Escola Universitaria de Relación laborais en A Coruña, na oficina de Cooperación e Voluntariado a Universidade da Coruña, nas facultades de Traballo Social de Ourense e Santiago de Compostela.

MÁIS INFO

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia](https://twitter.com/EAPNGalicia) en Twitter

[EAPN Galicia](#) e [EnRedeSocial](#) en Facebook

[EAPN Galicia](#) en LinkedIn

[Subscribete a En Rede Social](#) e súmate ás 1300 persoas que xa reciben cada quince días o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.

